

CONTIDOS MÍNIMOS EN 2º BACHARELATO. DEBUXO TÉCNICO II

Debuxo Técnico II. 2º de Bacharelato. 1º TRIMESTRE				
(BLOQUE 1.- XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO)				
1.- XEOMETRÍA (I)				
Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
<p>B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B1.1. Resolución de problemas xeométricos.</p> <p>B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.</p> <p>B1.3. Construción de figuras planas equivalentes.</p> <p>B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz.</p> <p>B1.5. Aplicacións.</p> <p>B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.</p> <p>B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<p>Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos sinxelos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando algunhas das principais relacións de proporcionalidade.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<p>Determina os principais lugares xeométricos de aplicación ao debuxo técnico. Coñecer os conceptos de potencia e inversión.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	<p>Transforma por inversión figuras planas sinxelas, rectas e circunferencias, describindo as súas posibles aplicacións á resolución dalgúns problemas xeométricos.</p>

	resolución de tanxencias.			
		<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos cunha certa complexidade, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.
		<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	Resolve problemas básicos de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

(BLOQUE 1.- XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO)

2.- XEOMETRÍA (II)

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver	B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas.	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as aplicacións básicas.

<p>problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola.</p> <p>B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes.</p> <p>B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. ▪ DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE <p>Resolve problemas básicos de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.</p> <p>Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo polo menos o seu trazado por puntos.</p>
<p>B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.</p> <p>B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia.</p> <p>B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións. ▪ DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. ▪ DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT <p>Comprende as características básicas das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións mais básicas.</p> <p>Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos básicos e á representación de formas planas.</p> <p>Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas básicas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.</p>

Debuxo Técnico II. 2º de Bacharelato. 2º TRIMESTRE

(BLOQUE 2.-SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN)

3.- SISTEMA DIÉDRICO (I) E PLANOS COTADOS

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competen cias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
<p>B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a manalzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico.</p> <p>B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.</p> <p>B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.</p> <p>B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<p>Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas básicos de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.</p>
	<p>B2.5. Abateamento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións.</p> <p>B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<p>Representa figuras planas básicas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.</p>
	<p>B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.</p> <p>B2.8. Afinidade entre proxeccións.</p> <p>B2.9. Problema inverso ao abateamento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abateamentos ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<p>Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando polo menos abateamentos en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.</p>

(BLOQUE 2.- SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN)

4.- SISTEMA DIÉDRICO (II)

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competen cias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
		<ul style="list-style-type: none">DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.	<ul style="list-style-type: none">CSIE	Representa o hexaedro ou cubo en posicións básicas respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.
<p>B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico.</p> <p>B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.</p> <p>B2.12. Determinación das súas seccións principais.</p> <p>B2.13. Representación de prismas e pirámides</p> <p>B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.</p> <p>B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.</p> <p>B2.16. Interseccións.</p>	<ul style="list-style-type: none">DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.	<ul style="list-style-type: none">CMCCTCAACMCCTCMCCT	<p>Representa cilindros e conos de revolución aplicando polo menos xiros para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.</p> <p>Determina a sección plana de corpos básicos ou espazos tridimensionais fundamentais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p> <p>Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos básicos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a</p>

	B2.17. Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.			determinación dos puntos de entrada e saída.
		<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas sinxelas coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros ou abatements para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.

Debuxo Técnico II. 2º de Bacharelato. 3º TRIMESTRE

(BLOQUE 2.-SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN)

5.- AXONOMETRÍA.

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras	<p>B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais.</p> <p>B2.19. Posición do triedro fundamental.</p> <p>B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.</p> <p>B2.21. Determinación de coeficientes de redución.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, sabendo que se poden calcular os coeficientes de redución polo triángulo de trazas.

<p>planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.</p> <p>B2.23. Representación de figuras planas.</p> <p>B2.24. Representación simplificada da circunferencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC 	<p>Debuxa axonometrías de corpos ou espazos básicos definidos polas súas vistas principais, dispendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.</p>
	<p>B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<p>Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais básicos formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.</p>

(BLOQUE 3.- DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROXECTOS)

6.- DESEÑO DE PROXECTOS.

<p>Critérios de avaliación</p>	<p>Contidos</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Competencias clave</p>	<p>Grao mínimo de consecución para superar a materia</p>
<p>B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de</p>	<p>B3.1. Elaboración de bosquexos, esbozos e planos.</p> <p>B3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.</p> <p>B3.3. Proxecto: tipos e elementos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	<p>Elabora e participa en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.</p>

<p>aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B3.4. Planificación de proxectos.</p> <p>B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.</p> <p>B3.6. Elaboración das primeiras ideas.</p> <p>B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.</p> <p>B3.8. Presentación de proxectos.</p> <p>B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.</p> <p>B3.10. Debuxo de bosquejos a man alzada e esquemas.</p> <p>B3.11. Elaboración de debuxos cotados.</p> <p>B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen. ▪ DT2.B3.1.3. Debuxa bosquejos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas. ▪ DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquejos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CCEC 	<p>Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos sinxelos, a partir dos planos técnicos que os definen.</p> <p>Debuxa algún bosquejo a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.</p> <p>Elabora algún esbozo de pezas industriais ou obxectos arquitectónicos sinxelos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquejos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.</p>
<p>7.- DISEÑO ASISTIDO POR ORDENADOR.</p>				
<p>B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquejos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a</p>	<p>B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.</p> <p>B3.14. Debuxo vectorial 2D.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD 	<p>Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora en certa medida a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.</p>

<p>utilización de aplicaciones informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CD 	<p>Representa algún obxecto industrial ou arquitectónico sinxelo coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, traballando as ferramentas fundamentais destes programas.</p>
	<p>B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado. 	<ul style="list-style-type: none"> CD 	<p>Representa algún obxecto industrial ou arquitectónico sinxelo utilizando programas de creación de modelos en 3D, traballando as ferramentas básicas destes programas.</p>
	<p>B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.</p> <p>B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron. 	<ul style="list-style-type: none"> CD 	<p>Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan minimamente claros e limpos, e que respondan de forma suficiente ao obxectivo para os que se realizaron.</p>

Farase unha **AVALIACIÓN INICIAL** nas primeiras semanas de curso, que comprenderán unha proba e actividades prácticas, co obxecto de analizar, tanto as características persoais do alumnado, como a súa actitude, predisposición e coñecementos de base sobre as distintas materias que se desenvolverán ao longo do curso.

Mecanismo para informar ás familias:

Tras a reunión do profesorado que imparte as súas respectivas materias no grupo determinarase, a partir das conclusións extraídas, se é necesario acordar unha cita cos pais dos alumnos con dificultades ou en todo caso, enviarase unha nota a través da axenda escolar do alumno/a.

Consecuencias dos resultados da proba inicial:

Reforzaranse os estándares de aprendizaxe non asimilados con actividades para realizar en casa, que serán revisadas polo profesor/a.

Durante o curso a **avaliación será CONTÍNUA**, polo que revisarase o traballo diario en clase, traballos a entregar, traballo en grupo, preguntas e respostas na aula, probas onde se revise a asimilación de conceptos e actitude de respecto fronte as normas de traballo e comportamento.

Os **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** consistirán na valoración de tres aspectos fundamentais:

*** *Capacidade de comprensión e razoamento lóxico***

Avaliarase este aspecto a partires das probas realizadas, así como nos traballos prácticos propostos nos que se verá a aplicación correcta dos conceptos explicados.

*** *Creatividade***

Darase a debida importancia ó interese pola investigación de alternativas como posibles solucións nalgunhas das actividades propostas que teñan que ver co deseño gráfico ou co deseño de obxectos.

*** *Actitudes***

Teranse en conta as actitudes de interese (atención na clase, participación), respecto e tolerancia (colaboración cos compañeiros e compañeiras) e traballo (constancia e puntualidade na entrega de tarefas, esforzo na realización dos traballos propostos).

A porcentaxe que se aplicará para a nota global, tendo en conta as posibles variacións dependendo de cómo sexa a tarefa que se propón en cada momento, será como a continuación se indica:

TRABALLOS PRÁCTICOS E PROXECTOS (20 % da nota total) onde se valorarán:

Creatividade:

- Orixinalidade nas ideas.
(rexeitamento estereotipos)

Coñecementos:

- Aplicación de conceptos.

Técnica:

- Dominio das técnicas e sistemas de representación adecuados á actividade proposta.

Acabado:

- Presentación e acabado.

PROBAS (80% da nota total), téndose en conta:

Conceptos

- Aplicación teórico-práctica dos conceptos.

Presentación

- Boa presentación e acabado.

ACTITUDES. Este aspecto é moi importante na realización dos exercicios prácticos que se lles van pedir durante o curso. Son os seguintes:

- Aplicar os recursos gráficos máis axeitados ó sistema de representación empregado e segundo a realidade que se pretende representar.
- Presentación pulcra dos exercicios e proxectos.
- Emprego da terminoloxía propia da área.
- Interese pola investigación en solucións alternativas, en busca de ideas propias, cando non se trate de traballos mecánicos ou de aplicación concreta dos contidos.
- Respecto e tolerancia polas creacións alleas.
- Tolerancia e respecto coa profesora ou profesor e coas compañeiras e compañeiros.
- Participación e colaboración tanto no momento de exposición de conceptos na aula, como na realización de traballos individuais ou en grupo.

- Hábito de traballo: constancia na realización das tarefas e puntualidade na entrega das mesmas. Mandaranse algunhas delas para realizar fora do horario escolar.
- Coidado do material e instrumental propio da área.
- Realización das actividades propostas dentro ou fora da aula.
- Emprego do material propio requirido para a materia na realización dos traballos dentro da aula.

PROMOCIÓN:

A avaliación realizarase mediante os datos obtidos dos exercicios, dos proxectos técnicos e das probas. A nota da avaliación será a que se obteña da suma destes apartados. Mais non se poderá facer este cálculo se nalgún apartado non hai unha **mínima presentación** (unha nota mínima cualificable de 4).

Os **exercicios e proxectos** de aplicación dos coñecementos, terán un valor do **20%** da nota total, valorando entón as **probas nun 80%** da mesma.

Farase como mínimo unha proba por cada trimestre.

➤ Mecanismo/s para **recuperar** unha **proba non superada**:

Realizarase unha proba de recuperación ao inicio do seguinte trimestre, e reforzaranse os estándares de aprendizaxe non asimilados con actividades para realizar en casa que serán revisadas polo profesor/a.

➤ Mecanismo/s para **recuperar** unha **avaliación non superada**:

Aparte da proba de recuperación antes descrita o alumnado terá a posibilidade de poder presentarse a unha proba final para recuperar algunha avaliación pendente.

O alumnado que suspenda en maio poderá presentarse a unha proba extraordinaria de **setembro** onde se valorarán os coñecementos de toda a materia (non se terán en conta neste momento o apartado de exercicios e proxectos).